

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL

CONTRATOS A TEMPO PARCIAL



A aceptación é **VOLUNTARIA... pero con matices**

Na inscrición deberás indicar expresamente se aceptas ou non recibir ofertas de nomeamentos a tempo parcial.

- ✔ Se marcas a opción, poderás recibir ofertas deste tipo de contratos.
- ✘ Se non a marcas, entenderase que non aceptas voluntariamente os nomeamentos a tempo parcial.



Que pasa se non hai persoas voluntarias?

▶ O SERGAS poderá chamar a calquera persoa da lista da categoría correspondente, independentemente da opción que marcara na solicitude, por orde de puntuación. A aceptación será **obrigatoria**.

Podes solicitar seguir dispoñible para ofertas a xornada completa que che correspondan pola túa posición na lista.

▲ Se solicitas esta opción e posteriormente rexeitas unha oferta a xornada completa, serás penalizada.



Xa teño un contrato a tempo parcial e quero pasar só a xornada completa

Se coa entrada en vigor das novas listas tes desmarcada a opción de contratos a tempo parcial, poderás solicitar por escrito no prazo dun mes desde a entrada en vigor das novas listas, estar dispoñible para contratos a tempo completo:

SE ACEPTAS A OFERTA A XORNADA COMPLETA:

Poderás renunciar ao contrato anterior sen penalización.

SE REXEITAS A OFERTA A XORNADA COMPLETA:

Aplicaráselle o réxime de penalizacións do pacto.



Cambio de distrito

Se estás cun contrato a tempo parcial e nas novas listas apareces noutro distrito:

- Non serás chamado/a polo novo distrito mentres manteñas o contrato actual.
- Poderás solicitar por escrito, no prazo dun mes, ser chamado/a no novo distrito segundo a túa orde na lista.

SE ACEPTAS A OFERTA DO NOVO DISTRITO

Poderás renunciar ao contrato a tempo parcial sen penalización.

SE REXEITAS A OFERTA DO NOVO DISTRITO

Aplicaráselle o réxime de penalizacións do pacto.